



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 40)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e oito de setembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario en funcións D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Álvaro Santos Ramos.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de setembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE XERMADE.- “ACONDICIONAMIENTO DE LA CARRETERA PROVINCIAL LU-P-2204 “MOMÁN (LU-170)-LÍMITE PROVINCIAL A CORUÑA (AS PONTES)”, P.K. 4+000 AL 7+000.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto técnico e contratación das obras de: XERMADE.- “Acondicionamiento de la carretera provincial LU-P-2204 "Momán (Lu-170)-límite provincial A Coruña (As Pontes)” P.K. 4+000 al 7+000, redactado polo Servizo de Vías e Obras.

Os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da

LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizo de Vías e Obras. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 04 de xullo de 2018, reflíctese que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras ás que se refire a acta será precisa a ocupación de outros terreos ademais dos pertencentes á vía provincial obxecto de mellora, que deberán obterse por cesión, mutuo acordo, expropiación forzosa ou calquera outro procedemento previsto na lexislación.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: XERMADE.- “Acondicionamiento de la carretera provincial LU-P-2204 "Momán (LU-170)-límite provincial A Coruña (As Pontes)” P.K. 4+000 al 7+000, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 604.661,04 €, dos cales 104.941,17 € corresponden ao IVE (21%).

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA PEDRAFITA DO CEBREIRO.- “REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1304 “MOSTADE (LU-P-1303)-ROMEOR-CASARES”, P.K. 8+045 AL P.K. 9+905, P.K. 10+020 AL P.K. 10+290, P.K. 10+945 AL P.K. 11+600, P.K. 13+130 AL P.K. 13-590 Y P.K. 13+705 AL P.K. 13+825.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto da obra de PEDRAFITA DO CEBREIRO.- “Rehabilitación de firme LU-P-1304 "Mostade (LU-P-1303) - Romeor - Casares ", P.K. 8+045 al P.k. 9+905, P.K. 10+02 al P.K. 10+290, P.K. 10+945 al .P.K.11+600, P.K.13+130 al P.K.13+590 y P.K. 13+705 al P.K.13+825, que foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 26 de xaneiro de 2018 por un importe de 134.020,56 € e 28.144,32 € de IVE.

Resultando que dita obra foi adxudicada á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, por acordo da Xunta de Goberno de data 1 de xuño de 2018, na cantidade de 91.470,00 € e 19.208,70 € de IVE (e non 19.208,50€ que figuran na oferta do licitador, ao ser un importe erróneo en aplicación do porcentaxe correspondente -21%- á oferta); unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 83 metros e de unha lonxitude de bionda, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 180 metros e un plan de comunicación por importe de 2.700,00 € e 567,00 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses.

Resultando que con data 7 de xuño de 2018 formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo e que o día 3 de xullo de 2018 faise a comprobación do replanteo.

Tendo en conta que con data de 17 de setembro de 2018, asínase Acta de suspensión total da obra e que o día 26 de setembro de 2018, foi recibido nesta Entidade Provincial documento de proposta de modificación do contrato identificado na cabeceira, e informe do director técnico, incorporándose ao expediente Acta de replanteo previo, de data 25 de setembro de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra PEDRAFITA DO CEBREIRO.- “Rehabilitación de firme LU-P-1304 "Mostade (LU-P-1303) - Romeor - Casares ", P.K. 8+045 al P.k. 9+905, P.K. 10+02 al P.K. 10+290, P.K. 10+945 al P.K.11+600, P.K.13+130 al P.K.13+590 y P.K. 13+705 al P.K.13+825, que pasa a denominarse PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Rehabilitación de firme e mellora do drenaxe de LU-P-1304 , P.K. 6+615 a 14+536”, redactado polo Servizo de Vías e Obras, por importe de 134.020,56€ e 28.144,32 € de IVE. (Sen variación económica).

2º.- Aprobar a modificación do contrato PEDRAFITA DO CEBREIRO.- “Rehabilitación de firme LU-P-1304 "Mostade (LU-P-1303) - Romeor - Casares ", P.K. 8+045 al P.k. 9+905, P.K. 10+02 al P.K. 10+290, P.K. 10+945 al P.K.11+600, P.K.13+130 al P.K.13+590 y P.K. 13+705 al P.K.13+825, que pasa a denominarse PEDRAFITA DO CEBREIRO.- “Rehabilitación de firme e mellora do drenaxe de LU-P-1304, P.K. 6+615 a 14+536”, á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade 91.470,00 € e 19.208,70 € de IVE (e non 19.208,50€ que figuran na oferta do licitador, ao ser un importe erróneo en aplicación do porcentaxe correspondente -21%- á oferta); unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do Prego de CAP de 83 metros e de unha lonxitude de bionda, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 180 metros e un plan de comunicación por importe de 2.700,00 € e 567,00 € de IVE e un prazo de execución de 3 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

3º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

4º.- Sometelo a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL DAS AUTORIDADES E DO PERSOAL AO SERVIZO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (APAP).

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da póliza de responsabilidade civil das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas para esta Excma. Deputación Provincial (APAP).

Resultando que os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Logo de ver a acta da mesa de contratación do 31 de agosto do 2018 e a Resolución da Presidencia de 10 de setembro de 2018.

Tendo en conta os informes da Unidade de Rexistro Xeral e dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar á empresa, AIG EUROPE LIMITED SUCURSAL EN ESPAÑA, a contratación da póliza de responsabilidade civil das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas para a Deputación Provincial de Lugo, (APAP).

2º.- Comprometer a empresa adxudicataria executar por 45.000,00 € (22.500,00 €/ano) o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas nos Pregos de Cláusulas

Administrativas, nos Pregos de Prescricións Técnicas e na súa oferta referente as melloras ofertadas nos límites e ámbito xeográficos ofertados:

- a) Mellora o límite xeral en 0,00 euros. (Total: 5.000.000€).
- b) Mellora do sublímite de gastos de restitución de imaxe en 40.000€ (Total: 100.000€).
- c) Mellora do sublímite de gastos de perda de documentos en 0,00€ (Total: 150.000€).
- d) Mellora do sublímite de gastos de asistencia psicolóxica en 20.000€ (Total: 50.000€).
- e) Ampliación do ámbito xeográfico á Unión Europea.

3º.- Ser condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.1.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- Remitir ao responsable do contrato, no prazo de 10 días dende a formalización do contrato, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

- Remitir ao responsable do contrato, no prazo de 10 días dende a formalización do contrato, os medios persoais adscritos á execución do obxecto do contrato.

- Cumprir as melloras ofertadas polo licitador adxudicatario.

4º.- Ter o contrato unha duración máxima de vixencia de dous anos, a partir do 15 de setembro de 2018.

O contrato poderá ser obxecto de prórroga, de conformidade co establecido no artigo 303 do TRLCSP, sen que a duración total do mesmo, incluída a prórroga, exceda de catro anos, podendo prorrogarse de ano en ano, nos termos da cláusula quinta do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/ou www.contrataciondelestado.es>), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación, si ben no caso de non interpoñerse recurso especial a formalización entenderase con efectos do día 15 de setembro de 2018, consonte co establecido na cláusula quinta do Prego de Cláusulas Administrativas.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Examinadas as facturas remitidas pola Intervención Provincial relacionadas con gastos ocasionados pola prestación de diversos servizos prestados a esta Administración, cuxos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Ábaco Centro de Estudios Informáticos, S.L.	1180000208	25/04/2018	1.792,13 €	Mantemento da aplicación informática Wcronos, no período comprendido entre o 01/01/2018 e o 31/04/2018.
Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L.	120180376	27/03/2018	2.419,17 €	Mantemento do Ginpix-7 durante o primeiro trimestre do ano 2018.
SUMA			4.211,30 €	

Logo de ver que xunto coas facturas constan:

a) As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación.

b) Declaración responsable das dúas entidades que presentan as facturas, de que teñen plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, que non se atopan incursas na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das

obrigas tributarias, coa Seguridade Social e con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

c) Memorias xustificativas explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

Asemade, incorpórase informe do Servizo de Recursos Humanos coa conformidade do Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, e informes do Servizo de Contratación e Fomento para cada unha das facturas, nos que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

As demoras producidas nas adxudicacións destes servizos, por fin ultimadas na actualidade, resultan imputables ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible para o correcto funcionamento organización desta Deputación, que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desas prestacións débemola entender inmanente aos expedientes contractuais previamente, pero cuxo prazo de duración estaría vencido, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén as licitacións de ditos servizos xa adxudicadas, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

Por tratarse de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2018, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias de contratos administrativos de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas correspondentes unha delas (Ábaco Centro de Estudios Informáticos, S.L.) ao mantemento da aplicación

informática de control horario Wcronos, e a outra (Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L.) ó mantemento do Ginpix-7.

Logo de ver os informes dos Servizos de Recursos Humanos, de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar as prestacións executadas, propias de contratos administrativos de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das facturas relacionadas:

- N° 1180000208 de data 25/04/2018 emitida por Ábaco Centro de Estudios Informáticos correspondente ó mantemento da aplicación informática Wcronos, no período comprendido entre o 01/01/2018 e o 31/04/2018.

- N° 120180376, de data 27/03/2018 emitida por Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L., correspondente ó mantemento do Ginpix-7 durante o primeiro trimestre do ano 2018.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) para colaborar no financiamento dos gastos derivados da “Organización de 3 feiras de agricultura ecolóxica certificada, na provincia de Lugo, na anualidade 2018”.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da “Organización de 3 feiras de agricultura ecolóxica certificada, na provincia de Lugo na anualidade 2018”, por importe de 25.000,00 euros.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 2 que leva por título “Medio Ambiente” das recollidas, na Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente do Plan Estratéxico de Subvencións para as anualidades 2017, 2018 e 2019 aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017 e a actualización correspondente á anualidade 2018 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de marzo de 2018, xa que na mesma recóllese o obxectivo de impulsar a realización de actividades medioambientais que contribúan a conseguir un equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e para a protección e conservación do medio ambiente.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) para sufragar gastos derivados da actuación “Organización de 3 feiras de agricultura ecolóxica certificada, na provincia de Lugo na anualidade 2018 “, subvención incluída na liña 2 que leva por título Medio Ambiente da Área de Cooperación e Asistencia aos Concello e Medio Ambiente, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 25.000,00 €, con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da entidade Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), para sufragar gastos derivados da actuación “Organización de 3 feiras de agricultura ecolóxica certificada, na provincia de Lugo na anualidade 2018 “.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

Segundo.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación Veciñal San Miguel de Vilademouros para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Pista polideportiva” na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Veciñal San Miguel de Vilademouros, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto de “Pista polideportiva” anualidade 2018, polo importe de 18.150,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir 9.075,00€ con dispensa de garantía.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.3 – Infraestruturas e servizos, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de dotar á provincia de infraestruturas e servizos que contribúan ao benestar comunitario dos seus veciños, especialmente nas zonas rurais.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 18.150,00€ a favor da entidade Asociación Veciñal San Miguel de Vilademouros, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Pista polideportiva”, subvención incluída na Liña 1.3 – Infraestruturas e servizos, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 18.150,00€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación Veciñal San Miguel de Vilademouros, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Pista polideportiva”.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

Terceiro.- *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Bóveda coa finalidade común de colaborar na “Climatización da Casa do Concello de Bóveda”.*

Logo de ver que D. José Manuel Arias López, Alcalde do Concello de Bóveda achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público-público), de data 31 de agosto de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo. Aporta memoria para a realización conxunta por dito Concello e esta Entidade, das actuacións de: “Climatización da Casa do Concello de Bóveda”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste Convenio.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de Bóveda e esta Entidade Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns anteriormente amentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS AXUDAS (Xunta de Galicia)
CLIMATIZACIÓN DA CASA DO CONCELLO DE BÓVEDA.	15.000,00	8.988,56€	35.982,84€
TOTAL	59.971,40€		

O Concello de Bóveda achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente, así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente Convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, mantela e dar o servizo á veciñanza.

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Bóveda, da

Provincia e da cidadanía en xeral da actuación sinalada (climatización da casa consistorial), establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE BÓVEDA	OUTROS (Xunta Galicia)
2018	15.000,00€	8.988,56€	35.982,84€

Concello de Bóveda: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Bóveda coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de “Climatización da Casa do Concello de Bóveda”, cun orzamento total de 59.971,40 euros.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte desta Entidade, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 15.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018.

Cuarto.- *Proposta relativa á modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Ribas de Sil para a execución de fins comúns consistentes en: “Acondicionamento e pavimentación de accesos a núcleos de poboación de Torbeo, Cabarca e Aldea”.*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 22 de decembro de 2017, foi aprobado o Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Ribas de Sil, coa finalidade común de colaborar para a

execución de fins comúns consistentes en: “Acondicionamento e pavimentación de accesos a núcleos de poboación de Torbeo, Cabarca e Aldea”. Dito Convenio foi asinado con data 26 de decembro de 2017.

Resultando que Don Miguel Angel Sotuela Vega, Alcalde do Concello de Ribas de Sil, achega a esta Entidade escrito de data 17 de setembro de 2018, a través do que solicita a concesión dunha modificación do prazo de execución das obras.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Ribas de Sil, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e pavimentación de accesos a núcleos de poboación de Torbeo, Cabarca e Aldea”, de tal xeito que a data para executar e xustificar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de novembro de 2018.

Quinto.- *Proposta relativa á modificación segunda ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Foz coa finalidade común de “Remodelación integral e reordenación do tráfico na Avenida Álvaro Cunqueiro”.*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 22 de xullo de 2016, foi aprobado o Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Foz, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: “Remodelación integral e reordenación do tráfico na Avenida Álvaro Cunqueiro”, asinándose dito Convenio con data 3 de agosto de 2016.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 24 de novembro de 2017, foi aprobada a modificación do amentado Convenio, e con data 27 de novembro de 2017, foi asinada dita modificación.

Resultando que Don Javier Jorge Castiñeira, Alcalde do concello de Foz, achega a esta Entidade escrito de data 25 de setembro de 2018, a través do que solicita unha prórroga para a execución dos investimentos ata o 30 de marzo de 2019, co compromiso de presentar a xustificación das anualidades 2016 e 2017 antes do 30 de novembro de 2018 e que de producirse baixas na licitación sexan destinadas a reducir a parte da aportación municipal.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a modificación segunda ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Foz, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en “Remodelación integral e reordenación do tráfico na Avenida Álvaro Cunqueiro”, de tal xeito que a data para executar os investimentos, obxecto desta modificación ao Convenio, quede fixada na data límite do 30 de marzo de 2019, co compromiso de presentar a xustificación das anualidades 2016 e 2017 antes do 30 de novembro de 2018 e de producirse baixas na licitación, estas sexan destinadas a reducir a parte da aportación municipal.

Sexto.- *Proposta relativa á modificación terceira ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Cervo, coa finalidade común de: “Construción dun paseo peonil en Sargadelos”.*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 26 de decembro de 2016, foi aprobado o Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Cervo, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: “Construción dun paseo peonil en Sargadelos”, a financiar a través dunha achega da Deputación plurianual, de 135.000,00€ con cargo ao exercicio 2016 e 23.743,06€ con cargo ao exercicio 2017. Dito Convenio foi asinado con data 28 de decembro de 2016.

Resultando que con data 29 de setembro de 2017, a Xunta de Goberno aprobou a modificación primeira deste Convenio, de forma que as obras financiadas na anualidade de 2017 se puideran executar e xustificar ata a data o 30 de setembro de 2018. Esta modificación foi asinada o 3 de outubro de 2017.

Resultando que con data 10 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno aprobou a modificación segunda do mentado Convenio.

Resultando que Don Alfonso Villares Bermúdez, Alcalde do Concello de Cervo, achega a esta Entidade escrito a través do que solicita unha prórroga para poder executar e xustificar os investimentos contemplados no Convenio, de maneira que a anualidade correspondente ao ano 2017 poida ser executada e xustificada ata a data do 15 de novembro de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a modificación terceira ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Cervo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en “Construción dun paseo peonil en Sargadelos”, de tal xeito que a anualidade 2017 se poida executar e xustificar ata o 15 de novembro de 2018.

Sétimo.- *Terceira modificación ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na “Adaptación Centro de Día e mobiliario”.*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 6 de outubro de 2015, foi aprobado o Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na “Adaptación do Centro de día e mobiliario”, concretamente no equipamento e mobiliario, reforma do sótano e primeiro andar da Casa do Mar de Vicedo para o Centro de día, e na reforma do segundo andar da Casa do Mar de Vicedo para oficinas.

Resultando que o Alcalde do Concello de Vicedo (O), D. José Jesús Novo Martínez, solicitou unha ampliación de prazo ou prórroga para a xustificación dos investimentos contemplados no Convenio para a anualidade 2015, por mor da demora na entrega dos informes sectoriais doutras administracións públicas.

Resultando que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de abril de 2016 aprobou a modificación, formalizándose o 18 de abril de 2016.

Resultando que pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2018 foi aprobada a segunda modificación a dito Convenio de tal xeito que o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade de 2017 quedou fixado na data do 30 de setembro de 2018. Sendo formalizado o día 3 de xullo de 2018.

Tendo en conta que con data 24 de setembro de 2018 o Alcalde-Presidente do Concello do Vicedo, achegou escrito no que solicita se prorrogue o prazo de execución e xustificación correspondente á anualidade 2017 do Convenio ata o día 31 de outubro de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar as cláusulas terceira, apartado 3.2 e cuarta, letra B) do Convenio de Colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Vicedo (O), coa finalidade común de colaborar na “Adaptación Centro de Día e mobiliario”, de data 6 de outubro de 2015, modificado nas datas do 18 de abril de 2016 e o 3 de xullo de 2018, en canto a establecer que a data límite de execución dos investimentos obxecto do Convenio e a xustificación correspondente á anualidade 2017 se prorrogue ata o día 31 de outubro de 2018, nos termos da terceira modificación do Convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia.

Oitavo.- *Proposta relativa á modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Mondoñedo para a execución de fins comúns consistentes en: “Saneamento en Pe do Monte, Chao da Aldea e Lousada e formigonado en Lousada (Sasdónigas)”.*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 29 de decembro de 2017, foi aprobado o Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Mondoñedo, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: “Saneamento en Pe do Monte, Chao da Aldea e Lousada e formigonado en Lousada (Sasdónigas)”. O devandito Convenio foi asinado con data 10 de xaneiro de 2018.

Resultando que Dona María Elena Candia López, Alcaldesa do Concello de Mondoñedo, achega a esta Entidade escrito de data 21 de setembro de 2018, a través do que solicita prórroga para realizar a execución ata o 15 de novembro de 2018, compromiso de presentar conta xustificativa na data límite do 30 de novembro de 2018, así como se acepte a nova distribución económica proposta para as partidas inicialmente previstas.

Investimento:	Achega Deputación	Achega Concello	Total
Saneamento en Pe Do Monte, Chao Da Aldea e Lousada	19.562,81€	0,30 €	19.563,11€
Formigonado en Lousada (Sasdónigas)	24.233,19 €	0,62 €	24.233,81€
TOTAL	43.796,00 €	0,92 €	43.796,92€

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Mondoñedo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: “Saneamento en Pe do Monte, Chao da Aldea e Lousada e formigonado en Lousada (Sasdónigas)” de tal xeito que:

a) O obxecto do Convenio quede fixado en:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
Saneamento En Pe Do Monte, Chao Da Aldea E Lousada	19.562,81€	0,30 €	19.563,11€
Formigonado En Lousada (Sasdónigas)	24.233,19€	0,62 €	24.233,81
Total	43.796,00€	0,92€	43.796,92

b) A data límite para executar os investimentos quede fixada no 15 de novembro de 2018 co compromiso do Concello de achegar a xustificación na data límite do 30 de novembro de 2018.

Noveno.- *Quinta modificación do Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Mondoñedo, para a execución dos fins comúns consistentes en “Rehabilitación da Casa Museo de Álvaro Cunqueiro”.*

Resultando que pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2015, foi aprobado o Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Mondoñedo, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: “Rehabilitación da Casa Museo de Álvaro Cunqueiro”. O devandito Convenio foi asinado con data 6 de outubro de 2015.

Resultando que a primeira Addenda ao amentado Convenio foi aprobada pola Xunta de Goberno o día 28 de abril de 2017, se formalizou o día 11 de maio de 2017; A segunda Addenda foi aprobada pola Xunta de Goberno o 25 de agosto de 2017, formalizándose o 5 de setembro de 2017, a terceira Addenda a dito Convenio foi aprobada pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017 e se formalizou o 6 de marzo de 2018, e a cuarta Addenda foi aprobada en sesión celebrada pola Xunta de Goberno en 25 de maio de 2018, e foi formalizada con data 26 de xuño de 2018.

Resultando que a Alcaldesa do Concello de Mondoñedo presenta escrito con data 21 de setembro de 2018, no que solicita unha prórroga para realizar a execución desta obra, anualidade 2017, ata o 15 de novembro de 2018 así como un novo prazo, para presentar a documentación xustificativa ata o 30 de novembro do Convenio de Colaboración excepcional entra esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Mondoñedo para a “Rehabilitación Casa Museo Álvaro Cunqueiro” anualidade 2017.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, da Arquitecta redactora do proxecto desta obra e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar a cláusula cuarta, letra B) do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo, modificado a medio de Addendas asinadas en datas 11 de maio de 2017, 5 de setembro de 2017, 6 de marzo de 2018 e 26 de xuño de 2018, en canto a establecer que o investimento correspondente á anualidade 2017, debe atoparse executado como data límite o 15 de novembro de 2018 e xustificarse como data límite o 30 de novembro de 2018, nos termos da quinta Addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de colaboración de referencia.

7.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2016.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 25 de novembro de 2016, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2016, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 196 do venres 26 de agosto de 2016, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
LUME BEISBOL CLUB	BEISBOL/SOFBOL	655,00
AMIGOS DO CABALO DE BARALLA	UTA ECUESTRE	660,00
CLUB BALONCESTO DO LEA (CONST)	BALONCESTO FEMININO	1.137,00
CLUB SAMOS FÚTBOL SALA	FÚTBOL SALA	1.173,00

8.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 184 do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB FÚTBOL SALA "AUTOESCUELA SAN JOSÉ"	TORNEO VILA DE SAMOS FÚTBOL SALA SAN BENITO	592,00
CLUB CEREZO BIKES	ENDURO MONTE CASTELO BURELA	592,00
ASOC. CULTURAL E RECREATIVA A PRAVIA	XORNADAS DE VELA	539,00
CASTELO BIKE CLUB	RUTA BTT CASTELO BIKE CONCELLO DE MONFORTE	589,00
CLUB NATACIÓN PORTAMIÑA LUGO	TRAVESÍA A NADO CIDADE DE LUGO MINIUS	485,00
CLUB DEPORTIVO RUGBY RIBADEO	CONCENTRACIÓN DE ESCUELAS DE RUGBY AS CATEDRAIS	862,00
CLUB CEREZO BIKES	CICLISMO	1.541,00

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTE AO ANO 2017.

Logo de ver as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual para os empregados públicos desta Excma.

Deputación Provincial, correspondentes ao ano 2017, de conformidade co artigo 58 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 55 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da Provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar as devanditas Bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTE AO CURSO ACADÉMICO 2017/2018.

Logo de ver as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual para os empregados públicos desta Excma. Deputación Provincial, correspondentes ao ano 2017, de conformidade co artigo 58 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 55 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da Provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar as devanditas Bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS DE GARDERÍAS PARA FILLOS/AS E ORFOS /AS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE SETEMBRO DO 2017 E O 31 DE AGOSTO DE 2018.

Logo de ver as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das Axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos desta Excma. Deputación Provincial, correspondentes ao período de 1 de setembro de 2017 ao 31 de agosto de 2018, de conformidade co artigo 59 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 56 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da Provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar as devanditas Bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO-OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE DINAMIZADOR/A DE XESTIÓN CULTURAL, AO OBXECTO DE ATENDER AS NECESIDADES DESTE TIPO DE PERSOAL NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO.

Logo de ver que o obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para constituír unha listaxe de emprego temporal de “Dinamizador/a de Xestión Cultural” (Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Praza de cometidos especiais, Grupo C, Subgrupo C1) para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos destas características, nas circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP.

Tendo en conta que as características do tipo de praza/emprego/posto obxecto desta convocatoria son:

- Denominación: “Dinamizador/a de Xestión Cultural”
- Clasificación:
 - o Réxime xurídico funcionarial.
 - o Grupo C.- Subgrupo C1.
 - o Escala de Administración Especial. Subescala Servizos Especiais, Praza de cometidos especiais.

Tendo en conta que nestes momentos non existe Listaxe de Emprego Temporal de “Dinamizador/A de Xestión Cultural” ao obxecto de poder cubrir provisionalmente a sinalada praza a través da devandita Listaxe, polo que resulta necesario a súa constitución para atender as necesidades que se poidan producir.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre para a creación dunha listaxe de emprego temporal de “Dinamizador/a de Xestión Cultural” (Praza de cometidos especiais, Grupo C, subgrupo C1) para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamento de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír unha listaxe para emprego temporal das seguintes características:

- Denominaciónpraza/Emprego/Posto: “Dinamizador/a de Xestión Cultural”
- Grupo/Subgrupo: C/C1.
- Clasificación: Escala De Administración Especial, Subescala Servizos Especias, Praza De Cometidos Especiais.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO-OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE TÉCNICO/A DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL AO OBXECTO DE

ATENDER AS NECESIDADES DESTE TIPO DE PERSOAL NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO.

Logo de ver que o obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para constituír unha listaxe de emprego temporal de “Técnico/a de Comunicación Audiovisual” (Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico/a Superior, Grupo A, Subgrupo A1) para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos destas características, nas circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP.

Tendo en conta que as características do tipo de praza/emprego/posto obxecto desta convocatoria son:

- Denominación: Técnico/a de Comunicación Audiovisual
- Clasificación:
 - o Réxime xurídico funcionarial.
 - o Grupo A.- Subgrupo A1.
 - o Escala de Administración Especial. Subescala Técnica, Técnico/a Superior.

Tendo en conta que nestes momentos non existe Listaxe de Emprego Temporal de “Técnico/a en Comunicación Audiovisual”, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente a sinalada praza a través da devandita Listaxe, polo que resulta necesario a súa constitución para atender as necesidades que se poidan producir.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre para a creación dunha listaxe de emprego temporal de

“Técnico/a de Comunicación Audiovisual” (Técnico Superior, Grupo A, subgrupo A1) para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamento de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír unha listaxe para emprego temporal das seguintes características:

- Denominaciónpraza/Emplego/Posto: “Técnico/a de Comunicación Audiovisual”
- Grupo/Subgrupo: A/A1.
- Clasificación: Escala De Administración Especial, Subescala Técnica, Técnico/A Superior.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.

14.- COMPARECENCIA NO RECURSO Nº 192/2018-P.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 192/2018-P, interposto por D. Narciso Rodríguez Méndez, fronte a esta Entidade Provincial en relación coa liquidación con referencia 757888690 relativa ao Imposto sobre bens de Natureza urbana dos exercicios 2012, 2013, 2014 e 2015 ditada con data 21 de marzo de 2018, no marco do expediente do Servizo de Xestión Tributaria e Recaudación; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do Decreto número 118/2018 de 9 de xullo, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 175/2017-B, interposto polo Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, fronte á resolución da Presidencia de data 11 de abril de 2017, pola que se acorda a atribución temporal de funcións do Xefe do Parque Móbil a D. José Claudio López López, e as de Adxunto Xefe do Parque Móbil a D. Manuel Pillado Rego, no que se acorda ter por desistida á parte recorrente. A Xunta de Goberno queda enterada.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno de data 21 de setembro de 2018 relativo ao modificado do contrato de obra identificado como O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5804 "Rebordondiego (LU-611) -Aiaz - Morgade (LU-P-4102)", 3+933 - 10+933 e LU-P-5801 "Igrexa da Cova-Fion-LU-P-4102A", P.K. 0+000 al 2+976.

Detectado erro material na proposta presentada para aprobación pola Xunta de Goberno con data 21 de setembro de 2018, relativa ao modificado do contrato da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5804 "Rebordondiego (LU-611) -Aiaz - Morgade (LU-P-4102)", 3+933 - 10+933 e LU-P-5801 "Igrexa da Cova-Fion-LU-P-4102A", P.K. 0+000 al 2+976; de

conformidade co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e logo de ver a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda a rectificación do citado erro no seguinte xeito:

Aprobar a subsanación do erro detectado no punto primeiro da Proposta de aprobación do modificado do contrato da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5804 "Rebordondiego (LU-611) -Aiaz - Morgade (LU-P-4102)", 3+933 - 10+933 e LU-P-5801 "Igrexa da Cova-Fion-LU-P-4102A", P.K. 0+000 al 2+976, de modo que:

Onde di:

1º.- Aprobar a modificación do contrato da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5804 "Rebordondiego (LU-611) -Aiaz - Morgade (LU-P-4102)", 3+933 - 10+933 e LU-P-5801 "Igrexa da Cova-Fion-LU-P-4102A", P.K. 0+000 al 2+976, adxudicado á mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 220.000,00 € e 46.200,00 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 418,37 metros (a executar na estrada LU-P-5804 desde o P.K. 10+933) e un Plan de Comunicación por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE e prazo de execución de 3 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos, soamente variación no lugar de aplicación das melloras, mantendo o coste das mesmas e adaptadas en metros á especificacións da estrada. (...).

Debería dicir:

1º.- Aprobar a modificación do contrato da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5804 "Rebordondiego (LU-611) -Aiaz - Morgade (LU-P-4102)", 3+933 - 10+933 e LU-P-5801 "Igrexa da Cova-Fion-LU-P-4102A", P.K. 0+000 al 2+976, adxudicado á mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 220.000,00 € e 46.200,00 € de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP de 418,37 metros (a executar na estrada LU-P-5804 desde o P.K. 3+933 en sentido decreciente) e un Plan de

Comunicación por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE e prazo de execución de 3 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos, soamente variación no lugar de aplicación das melloras, mantendo o coste das mesmas e adaptadas en metros á especificacións da estrada. (...).

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.